

REQUIRIMENTO DOCUMENTACIÓN SOLICITUDE

Convocatoria: RESOLUCIÓN do 23 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (DOG nº 107 do 7 de xuño de 2017)

Procedemento: IN845A

En aplicación do artigo 5 da convocatoria e das bases reguladoras para poder ser beneficiario das subvencións deberán presentar a seguinte documentación:

- f) Copia das contas anuais auditadas dos anos 2015 e 2016, non obstante aqueles centros que non estean obrigados a auditalas deberán presentar as contas anuais aprobadas polo padroado, conforme os artigos 37 e 38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Unha vez revisadas as solicitudes presentadas, os solicitantes que figuran no Anexo I deberán achegar a documentación correspondente.

Segundo o artigo 8.3 da convocatoria, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requíreselle para que no prazo de **10 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio na web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>), emende a falta ou achegue a documentación sinalada anteriormente. De non atender a este requirimento teráselle por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e cos efectos previstos no artigo 21.1 da citada lei.

A documentación requirida presentárase electronicamente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015. En caso de calquera dúbida poden poñerse en contacto no teléfono 981 54 39 86.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2017

O xefe do departamento de xestión económica e orzamentaria

Fernando Souto Iglesias





ANEXO I: Relación de entidades solicitantes que deberán achegar documentación

EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO	ENTIDADE SOLICITANTE	NIF	DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR
IN845A-7	FUNDACIÓN INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA (ITG)	G15305923	Copia das contas anuais 2016 auditadas e asinadas.
IN845A-8	FUNDACIÓN CENTRO GALLEGO DE INVESTIGACIONES DEL AGUA (CETAQUA)	G70312020	Copia das contas anuais 2016 auditadas e asinadas.

